



Federación Galega de Atletismo
Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA
Teléfono: 981291683

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e
<http://www.carreirasgalegas.com>



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 62-2014

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

COPA GALEGA DE CLUBES DE PISTA CUBERTA

Pazo de deportes de Riazor, A Coruña, 18 de xaneiro 2015

Art.1).- A Delegación da F.G.A en A Coruña organizará a Copa de Galicia de Clubes en Pista Cuberta o día 18 de Xaneiro de 2015, nas pistas de atletismo do Pazo de Deportes de Riazor.

Art.2).- Poderán intervir un total de 8 clubes, masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados masculinos e femininos, respectivamente, do Campionato Galego de Clubes ó aire libre da pasada tempada 2013/14. Os clubes son:

Homes: Real Club Atletismo Celta, Club Atletismo Narón, Sociedad Gimnástica de Pontevedra e ADAS

Mulleres: Ría Ferrol, Atletismo Femenino Celta, Vila de Cangas e Lucus Caixa Rural Galega

Así como os catro clubes, masculino e feminino, que mellor puntuación obteñan mediante estadillo de marcas da tempada 2014 (atá 31 de Outubro de 2014) dos atletas (aínda que no ano 2014 pertencen a outro clube) con licenza por ese clube nas probas seguintes:

Homes: 50, 60 ou 100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 50 m.v., 60m.v. ou 110m.v, altura, lonxitude, triple, pértega e peso.

Mulleres: 50, 60 ou 100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 50 m.v., 60m.v ou 100m.v, altura, lonxitude, triple, pértega e peso.

O estadillo conformarase cun atleta por proba e cada atleta poderá puntuar nunha soa proba, debendo ser enviado á F.G.A. (direcciontecnica@fgatletismo.com) como data límite o día **26 de Decembro de 2014**. Os rexistros deberán ser conquistados en probas oficiais e en condicións regulamentarias.

Art.3).- As probas que se disputarán serán as seguintes:

Homes e mulleres: 50, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 50m.v, altura, pértega, lonxitude, triple, peso e relevo (4v, 3v, 2v e 1v).

Art.4).- Cada clube poderá presentar un atleta (ou equipo) por proba podendo participar cada atleta nunha soa proba e un relevo. Os equipos deben cubrir un mínimo de 11 postos na competición.



Aplicarase a mesma normativa que a establecida pola RFEA para as súas competicións de clubs:

- Tódolos integrantes dos equipos deberán estar en posesión da licenza nacional ou autonómica en vigor.
- O número máximo de participacións de atletas estranxeiros será de 3 con licenza nacional de atletismo antes do 1 de Xaneiro de 2015. Esta limitación non é aplicable para atletas de categoría cadete e xuvenil.
- Cada club poderá utilizar un máximo de 3 participacións de atletas de Clubs Asociados (atletas promesas ou menores)
- O número de cambios que poderá efectuar cada club con respecto á inscrición inicial será de 4. Os cambios na proba de relevos, sobre as inscricións realizadas previamente non se contabilizarán. Os cambios deberán realizarse na Secretaría de Competición até 30 minutos antes do comezo de cada proba respectiva agás concursos 45 minutos.
- Categoría cadete (unha soa proba e cando esta se contemple no cadro de probas válidas para esta categoría)

Art.5.)- Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man o gardada.

Art.6.)- Os atletas deberán utilizalo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, agás na pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7.)- A puntuación en tódalas probas efectuarase da seguinte forma: 8 puntos ao 1º, 7 ao 2º, 6 ao 3º, 5 ao 4º, 4 ao 5º, 3 ao 6º, 2 ao 7º e 1 ao 8º. Os atletas (ou equipos) retirados ou descualificados non puntúan.

- En caso de empate entre dous ou mais atletas, os puntos repartiránse
- A clasificación será independente os homes das mulleres
- O clube vencedor será o que obteña o maior número de puntos. En caso de empate declárase vencedor o clube que consiga un maior número de primeiros postos e de seguir o empate o que teña maior número de segundos postos e así sucesivamente.

Art.8.)- Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos. Asemade existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da clasificación masculina e da feminina.

Art.9.)- As inscricións faránse a través dos sistema online da Federación Galega de Atletismo (www.atletismogalego.org) antes das 20:00 horas do **martes 13 de xaneiro**.

Art.10.)- Os atletas disporán de 4 intentos en lanzamentos e saltos horizontais

Art.11.)- Alturas dos listóns: Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas. A cadencia publicarase co horario definitivo.

Art.12.)- A distancia das táboas decidírase en función das marcas dos participantes

Art.13.)- O sorteo e orden das ruas efectúarase unha vez recibidos os clubs participantes.



Art.14).- Permitirase a participación de atletas fora de concurso, pertencentes aos clubes participantes, nas probas que se disputen por rúas, de xeito que se admitirán tantas marcas como ruas estean baleiras, non puntuando en ningún caso estos atletas polos clubes participantes, aínda que poderán formar parte dos equipos en probas diferentes.

Art.15).-Debido a que a pista solo dispón de 6 rúas centrais e 4 no anel, realizaranse 2 series en cada unha das probas que se disputan por rúas, dividíndose os clubes participantes en 2 series en función das inscricións cotexadas de cada clube. As marcas deberán ser oficiais e acadadas na tempada 2013-2014 ou ben na 2014-2015. Se se realizara algún cambio, a marca a ter en conta será a acreditada polo atleta que entra a facer a proba.

Na carreira de relevo as series faranse cos 4 equipos mellor clasificados coas probas disputadas e sumadas ata ese momento na serie A, e cos restantes na serie B, sendo a serie A a primeira en disputarse.

Art.16).- Horario provisional:

		10:30	Mulleres	Altura
			Mulleres	Lonxitude
			Homes	Pértega
50mv	Mulleres	10:45		
50mv	Homes	11:00	Mulleres	Peso
800	Mulleres	11:15		
800	Homes	11:20	Homes	Lonxitude
200	Mulleres	11:25		
200	Homes	11:35		
1500	Mulleres	11:45	Homes	Peso
1500	Homes	11:55	Mulleres	Triplo
50m	Mulleres	12:05	Homes	Altura
			Mulleres	Pértega
50m	Homes	12:15		
400	Mulleres	12:25		
400	Homes	12:35	Homes	Triple
3.000	Mulleres	12:45		
3.000	Homes	13:00		
Relevo	Mulleres	13:15		
Relevo	Homes	13:30		

SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras:	10min antes da hora oficial da proba
Carreiras valadas:	15min antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pértega):	30min antes da hora oficial da proba
Pértega:	45min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

Art.17).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo cãas normas da FGA, RFEA e IAAF.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 12 de decembro de 2014